

RESTAURACIÓN DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE DONRAMIRO^A

XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

ARQUITECTO: LUIS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ



A tribuna tivo que ser reconstruída por completo, recuperando o mesmo entrevigado e pontonado, e mesmo os tapaxuntas dos que disponía, dado que tiñamos toda a información precisa para facelo. Na cuberta, sen embargo, ao ser totalmente de nova factura, recorreu-se a un entaboadado separado, tal que lembra ós entaboadados tradicionais, e, ao tempo, a un tapaxuntas en negativo. Executouse unha balaustrada de nova factura, para o que se empregou o mesmo motivo decorativo das ménslas.



Na sancristía se executou o falso teito que se constatou que tivo, recorrendo tamén ó entaboadío de castiñeiro con xunta aberta.

A tribuna da sancristía se recuperou totalmente con madeira preexistente no templo (entre esta tribuna e a da nave). Na restauración efectuada nestes elementos, así como nas carpinterías, se constatou a cor primixenia que tiñan, a cal se recuperou para todos os elementos que demostraron tela.

A restauração chegou mesmo a certos elementos de mobiliário, como os fermosos confesonários empotados no muro.

